

Mércores, 27 de decembro de 2023

Núm. 247

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO
IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)**ANUNCIO*

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do concello de data 30.10.2023, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas (IAE) no que respecta ao artigo 8 (coeficiente de situación) e que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 03/11/2023 (BOPPO nº212), procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

*MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES
ECONÓMICAS (IAE).**ARTIGO 8. COEFICIENTE DE SITUACIÓN.*

1. Aos efectos da aplicación da escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, as vías públicas deste termo municipal clasifícanse en dúas categorías fiscais.
2. Anexo a esta ordenanza figura a indicación da categoría fiscal que corresponde ás vías públicas deste termo municipal.
3. Para todas as actividades exercidas neste termo municipal e suxeitas ao imposto sobre actividades económicas, establécense sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a aplicación da seguinte escala de coeficientes, atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade:

<i>Categoría fiscal</i>	<i>Coeficiente de situación</i>
1ª	1,5
2ª	1,00



Mércores, 27 de decembro de 2023

Núm. 247

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación local, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO: CATEGORÍA FISCAL DAS VÍAS PÚBLICAS

<i>Situación</i>	<i>Categoría</i>
Illa da Toxa	1ª
Resto do termo municipal	2ª

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

